

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DUN “CAMPUS VIRTUAL”, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROMOVIDAS DENDE A DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona M^a Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7 de setembro de 2020) actuando en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o





Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- Que entre as competencias que en materia laboral lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a da promoción do emprego, a formación profesional ocupacional e a formación profesional para o emprego tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Emprego e Igualdade de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de cualificación profesional e promoción da empregabilidade.

E o Decreto 215/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, atribúe á Dirección Xeral de Formación e Colocación competencias en materia laboral e de políticas activas de emprego, formación e colocación.

Segundo.- Á vista da situación excepcional creada pola epidemia derivada do COVID-19, e das restricións e medidas adoptadas pola Xunta de Galicia e polo Goberno de España, faise necesario posibilitar a impartición das actividades formativas mediante a modalidade de aula virtual, para que poida continuar no posible e con garantía de seguimento e control, así como con calidade de impartición, a execución das accións formativas, sempre se respecten os requisitos exixidos normativamente e se garantan as actividades de seguimento e control necesarias. A Dirección Xeral de Formación e Colocación, logo de avalialo, considera que o uso das aplicacións e ferramentas vinculadas





a formación en remoto e a solución máis axeitada para levar a cabo our reforzar as actividades formativas que dela dependen.

Terceiro.- Que, segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Cuarto.- Que dentro dos sistemas de información desenvolvidos pola Amtega e postos e susceptibles de ser utilizados polos departamentos da Xunta de Galicia inclúense plataformas para o desenvolvemento de actividades de formación de xeito remoto que están sendo xa utilizados en diferentes ámbitos da administración pública galega.

Quinto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais.





A colaboración ou cooperación consistirá na participación mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade de interese xeral, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a Consellería de Emprego e Igualdade e a Amtega manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Amtega para a posta en marcha dun “Campus Virtual”, para a realización de actividades de formación promovidas dende a Dirección xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, coa finalidade de contribuir á formación da poboación ocupada e desempregada a fin de prepararse para un mercado laboral en rápida evolución, facilitando o desenvolvemento das políticas de emprego.

O obxectivo desta plataforma é dar cabida a todos os centros propios dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade así como aos centros inscritos ou acreditados para a formación para o emprego. Sendo na actualidade un total de 13 centros propios e inicialmente 734 centros inscritos ou acreditados, deberá permitir tamén a participación de todo o





alumnado ao abeiro dos plans anuais de formación para o emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Segunda.- Financiamento

O importe da achega da Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Dirección xeral de Formación e Colocación, para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de 332.500,00€ euros (TRESCENTOS TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2021: 52.500,00 €
- Anualidade 2022: 150.000,00 €
- Anualidade 2023 : 130.000,00€

Serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, para a súa posterior baixa, na seguinte aplicación orzamentaria do seu orzamento: 11.05.323A.206, proxecto 2008/00536.

Aplicación orzamentaria	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Total (IVE incluído)
11.05.323A.206	52.500,00 €	150.000,00 €	130.000,00€	332.500,00€

Posteriormente á formalización do presente acordo, remitirase á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o acordo xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, coa correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2021 00015, dos orzamentos da Amtega para as anualidades 2021, 2022 e 2023.





Terceira.- Actuacións a desenvolver por parte da Dirección xeral de Formación e Colocación

Ao abeiro do presente acordo, a Consellería de Emprego e Igualdade identificará o equipo ou equipos de traballo da Consellería que asumirá as labores de coordinación, administración e dinamización do “campus virtual”, entre outros:

- Identificación das persoas responsables do programa de formación na Consellería, responsables de seguimento das actividades, con capacidades de xestión sobre os elementos da plataforma (creación manual de cursos, importacións manuais para procesos excepcionais de matriculación...).
- Coordinación de contidos e seguimento das actividades formativas e de actividade dos centros/entidades e do propio alumnado.
- Facilitar a Amtega cun trimestre de antelación unha estimación das actividades formativas a realizar coa información necesaria para poder identificar posibles riscos na prestación do servizo.
- Definición dos criterios de uso da plataforma por parte dos centros/entidades colaboradoras, determinando as condicións nas que os centros e o alumnado deberán usar as ferramentas postas a disposición polo proxecto.
- Coordinación e comunicación cos centros/entidades para trasladar os criterios que se determinen, así como verificar o adecuado cumprimento dos mesmos. A comunicación de criterios e verificación de cumprimento por parte dos alumnos canalizarase a través dos centros e entidades.
- Definición dos criterios de xestión a considerar na integracións entre PLAFOR e SIFO, e coordinación aliñada co proxecto das actuacións dos equipos da Consellería responsables de xestión do proxecto SIFO.





- Decisións sobre cambios manuais en PLAFOR, cargas manuais, etc. fora dos circuítos automatizados ordinarios.

Cuarta.- Actuacións a desenvolver por parte de Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Ao abeiro do presente acordo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, levará a cabo o desenvolvemento e mantemento evolutivo dos sistemas de información e servizos indicados a continuación, de acordo coa priorización establecida pola Dirección xeral de Formación e Colocación e dentro dos límites orzamentarios deste acordo:

- **Desenvolvemento e/ou mantemento evolutivo e correctivo da ferramenta PLAFOR**, implementada como Campus virtual, que estará integrada polas funcionalidades que se describen polo miúdo na memoria que se acompaña como Anexo I do presente acordo.
- **Implantación de PLAFOR como “campus virtual”**, incluíndo as actividades de formación que sexan precisas para coñecer o seu uso segundo a planificación conxunta que para elo se acorde polas partes asinantes, así como o volcado inicial de datos da aplicación informática SIFO, que ten a Dirección Xeral de Formación e Colocación, realizándose despois a interconexión con dito aplicativo para permitir:
 - A creación de cursos na ferramenta PLAFOR
 - A asignación do persoal docente para cada actividade formativa
 - A matrícula do alumnado e a retirada do acceso, unha vez finalice a actividade formativa ou por outro motivo que requira a súa baixa no curso.





- A asignación do persoal técnico da Consellería encargado do seguimento administrativo de cada unha das actividades formativas
- **Soporte a incidencias técnicas** que se poidan producir na plataforma co obxecto de reducir ao máximo as interrupcións do servizo, así como ás que trasladen as propias entidades colaboradoras no uso da plataforma e atención ás solicitudes de apoio técnico por parte dos centros/entidades ao longo do proxecto: configuración inicial dos periféricos de vídeo e son para uso na videoconferencia, apoio nos procesos de publicación de contidos....
- O soporte directo ao alumnado canalizarase a través dos centros/entidades colaboradoras. O primeiro punto de contacto dos alumnos ante calquera incidencia ou problema técnico será o seu centro formativo ou entidade colaboradora. Estas entidades poderán escalar á Amtega aquelas incidencias de carácter técnico provocadas por un funcionamento incorrecto ou indispoñibilidade do sistema ou dalgunha das súas funcionalidades.
- O servizo de soporte estará dispoñible en horario de luns a venres de 7:30 a 21:00 horas, e sábados de 8:00 a 15:00, máis un servizo de garda fóra deste horario para atender incidencias graves do sistema.
- Antes do inicio do proxecto acordaranse as canles de acceso a este servizo de soporte, considerando tanto un enderezo de correo electrónico coma un teléfono de atención directa en primeiro nivel, debendo establecerse tamén as condicións mínimas de resposta e atención, que deberán axustarse ao especificado no apartado 2 do Anexo I.
- Accións de formación inicial ás entidades no uso das ferramentas; coordinación, previa aprobación pola Dirección Xeral de Formación e





Colocación, de campañas de difusión e de publicación de portais para probas previas de conexión á plataforma, dirixidas tanto aos centros coma ao alumnado; elaboración de contidos de axuda específicos; elaboración de guías específicas para usuarios/as orientadas aos equipos máis comúns no mercado; habilitación dunha aula virtual de proba para detección de posibles problemas de compatibilidade e porá á súa disposición un apartado informativo coas preguntas e respostas máis comúns.

Os recursos necesarios para a realización das actividades indicadas realizaránse por medio de contratos que a Amtega ten formalizados ou que precise formalizar. Correspóndelle a Amtega o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Asemade desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería de Emprego e Igualdade e a Amtega, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería de Emprego e Igualdade recollido na cláusula segunda. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Consellería de Emprego e Igualdade.

Quinta.- Previsións de desenvolvemento

Sen prexuízo do previsto na cláusula terceira, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.





En todo caso, para permitir cumprir co cronograma previsto e a planificación das actividades formativas previstas, prevense os seguintes fitos de proxecto:

- 15 de xullo de 2021: dispoñibilidade do campus virtual para acceso das entidades, e inicio dos procesos de implantación e de formación do persoal das entidades que a Consellería indique.
- 1 de setembro de 2021: acceso do alumnado ao campus virtual ás accións de formación, atendendo á planificación docente que se estableza previamente.

Sexta.- Seguimento das actuacións deste acordo

Para o seguimento, desenvolvemento e cumprimento deste Acordo, créase un comité de seguimento composto por dúas persoas en representación de cada institución, designadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación e a Dirección da Amtega, respectivamente, e un/unha funcionario/a pertencente á Dirección Xeral de Formación e Colocación, que actuará como secretario/a.

Este comité ten como finalidade velar polo axeitado desenvolvemento do acordo, facer o seguimento da execución das actividades realizadas ao abeiro do mesmo, indicadores de uso do sistema, estimación da planificación prevista de uso do “campus virtual”, incidencias técnicas ou organizativas e potenciais riscos.

O comité de seguimento poderá propor aquelas actuacións de mellora que considere oportunas para a correcta execución deste acordo, así como o redimensionamento dos medios asinados ao proxecto

O comité, que estará presidido por unha das persoas que exerza a representación da Dirección Xeral de Formación e Colocación, reunirse cunha





periodicidade mínima trimestral e sempre que o solicite unha das partes, levantándose acta das súas reunións.

Ao final de cada ano preparará un informe recollendo os resultados e indicadores salientables relativos ao uso do “campus virtual”.

Sétima.- Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha vixencia de 30 meses desde a data da súa sinatura, e en calquera caso ata 31/12/2023.

En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na súa cláusula segunda.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. Transparencia e bo goberno

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no acordo e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia de Goberno Aberto.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

A conselleira de Emprego e Igualdade

A directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia

M^a Jesús Lorenzana Somoza

Mar Pereira Álvarez





ANEXO I

ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PLATAFORMA DE FORMACIÓN “PLAFOR”, CONVERTIDA EN CAMPUS VIRTUAL

O acordo entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Amtega consiste na cesión e soporte á Dirección Xeral de Formación e Colocación dunha plataforma online con servizos de videoconferencia e espazos virtuais que, baseada na súa experiencia e convertida en Campus Virtual, sirva para empregar nos centros propios e nas convocatorias de subvención de accións formativas para o emprego promovidas pola dirección xeral, así como ás entidades que se adhiran á mesma, ou noutros cursos da Dirección Xeral.

1. As **funcionalidades** coas que deberá contar a plataforma son as seguintes:

- Aulas Virtuais para docencia online con capacidade de gravación e coas seguintes características mínimas:
 - Tecnoloxía necesaria para verificar e acreditar a participación ou asistencia do alumnado e do persoal docente, segundo o caso, mediante DNI electrónico, certificado dixital ou método similar que garanta a identificación correcta dos participantes, ademais dos métodos para facer o control fidedigno de presenza, a realización de exercicios prácticos e a superación dos controis periódicos.
 - Vídeo e son en HD.
 - Capacidade mínima de 25 asistentes.
 - Son por VoIP
 - Capacidade de compartir o escritorio e aplicacións concretas.
 - Soporte de pantalla dobre.





- Controis de Host (silenciar participantes, promover aos asistentes como Host, permitir aos asistentes compartir o seu escritorio).
- Chat ou mensaxería instantánea directa, tanto de uso xenérico para a clase realizada na aula virtual ou para comunicacións de uso privado entre os distintos tipos de participantes.
- Panel de Preguntas e Respostas para interacción cos asistentes.
- Capacidade de “levantar a man” para os asistentes.
- Xeración de informes de listaxe de asistentes, enquisas, preguntas e respostas.
- Ferramenta de edición de video.

Despachos Virtuais para docentes incluíndo:

- - Sala de Videoconferencia
 - Xestión de clases gravadas
 - Xestión de repositorio persoal de Vídeos
 - Acceso á plataforma MOODLE
- Plataforma MOODLE autoxestionada polo profesorado, incluíndo:
 - Creación de actividades formativas: cuestionarios, tarefas, enquisas, foros, etc.
 - Publicación de recursos: ficheiros, páxinas web, etc.
 - Repositorio de vídeos integrado na plataforma
- Plataforma de vídeo baixo demanda integrada na plataforma MOODLE.

2. As actuacións a desenvolver en termos de mantemento, soporte e evolución **incluídas** ao abeiro deste acordo serán:

- Operación e mantemento correctivo:
 - Supervisión automática 24x7 da plataforma xerando alarmas aos móbiles do persoal técnico.





- Tempo de resposta inferior a 10 minutos no horario de atención fixado na cláusula terceira para os días laborables (7:30 h a 21:00 h CET de Luns a Venres) e 1 hora fóra dese horario (mes de agosto incluído).
 - Proporcionar plataforma Web de xestión de Tickets de incidencias ademais de número de teléfono e correo electrónico.
-
- Integración coas ferramentas de xestión da formación da dirección xeral para que os cambios de estado que provoquen a creación dun curso, matriculación do persoal docente, persoal técnico xestor e alumnado ou cambio dalgún deles, teñan os efectos oportunos que permitan o acceso dos usuarios e usuarias en menos de 5 minutos.
 - Xeración dos informes periódicos que se definan ao inicio do proxecto ou como parte do mantemento evolutivo.
 - Realización de todas as tarefas de “Bug fixing”, actualización de versións, copias de seguridade, etc. que sexan necesarias sen afectar á dispoñibilidade dos cursos.
 - Atención de incidencias.
 - Formación ás persoas usuarias.
 - Creación dun apartado web con documentación de uso da plataforma para alumnado e profesorado.
 - Creación dun foro web para resolver dúbidas ás persoas usuarias
 - Creación de videotutoriais e manuais ilustrando o uso da plataforma.
 - Creación dun sistema de recuperación de credenciais de acceso.
 - Mantemento evolutivo
 - Realización das tarefas necesarias para adaptar a plataforma ás necesidades futuras da Xunta e da Amtega.
 - Adaptación da plataforma base ás necesidades da Consellería de Emprego e Igualdade e ás actividades que se determinen.
 - Xeración de informes personalizados de asistencia e outros.
 - Adaptación e melloras estéticas e de imaxe corporativa.
 - Outras melloras na integración cos sistemas da Xunta para a xestión de altas e baixas de cursos e matriculación de alumnado de acordo aos correspondentes procesos de xestión.





- Xeración de salas e aulas para outros usos (funcionalidade de webinars)





Estimación orzamento económico (A distribución por anualidades é a que se recolle na cláusula segunda do Acordo)

<p>POSTA EN MARCHA DE PLAFOR COMO CAMPUS VIRTUAL</p> <p>Traballos iniciais de posta en marcha da plataforma: inclue os traballos para adaptar e personalizar o proxecto (personalización de imaxe, incorporación de plugins específicos...) e para integrar a plataforma PLAFOR coa aplicación de xestión SIFO (vinculación co sistema de identificación baseado en credenciais de SIFO, creación automática dos cursos base en PLAFOR a medida que se aproben en SIFO a s accións formativas asociadas a cada entidade, matriculación automática dos alumnos en cada curso unha vez se complete o proceso de selección en SIFO, etc.).</p>	<p>40.000,00 €</p>
<p>Servizos de soporte: atenderá posibles incidencias técnicas na plataforma para reducir ao máximo as interrupcións do servizo. Atenderá as incidencias que trasladen as entidades colaboradoras no uso da plataforma e asumirá as labores de formación inicial ás entidades e ao persoal técnico da consellería que se considere necesario, para o uso da plataforma. O soporte directo ao alumnado canalizarase a través das entidades colaboradoras. O equipo dimensionarase para poder atender ás entidades en horario de luns a venres de 7:30 a 21:00 horas, e sábados de 8:00 a 15:00, máis un servizo de garda fóra do horario de soporte para atender incidencias graves do sistema.</p>	<p>292.500 €</p>
<p>INFRAESTRUTURA</p> <p>Inicialmente o proxecto executarase coa infraestrutura actual existente na Amtega. En función da evolución do uso do sistema, poderá determinarse a necesidade de infraestrutura dedicada tanto na propia plataforma como de dedicación en exclusiva de licenzas da plataforma de videoconferencia. Este elemento revisarase semestralmente.</p>	<p>---</p>

